

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

TABOLEIRO DE ANUNCIOS

Pola presente dáse traslado do literal do Decreto 607/2017 de data 23.10.2017 no que se convoca a sesión do Pleno do Concello.

EXPEDIENTE DE CONVOCATORIA DA SESIÓN ORDINARIA DE PLENO DE XOVES 26 DE OUTUBRO DE 2017

EXPEDIENTE Nº 2017/G010/000011

“Descrición decreto: EXPEDIENTE DE CONVOCATORIA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 26.10.2017

EXPEDIENTE Nº 2017/G003/000660

DON BERNARDO FERNANDEZ PIÑEIRO ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA).

*En uso das atribucións que me confiren os artigos 21.1 c) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e art. 80 do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais de 28 de novembro de 1986 e arts. 61.1.c da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, e tendo en conta a relación de expedientes concluídos redactada pola Secretaría municipal o día 23/10/2017, conforme ao establecido nos artigos 81.1a) e 177.2 do RD 2568/86, do 30 de novembro, e o artigo 2 a) do RD 1174/1987, do 18 de setembro, **RESOLVO:***

PRIMEIRO. - Convocar a todas as concelleiras e concelleiros membros do concello Pleno á Sesión Ordinaria que terá lugar no Salón de Sesións da Casa do Concello, o próximo xoves **26/10/2017 ás 12:00 horas** en primeira convocatoria e, no caso de que non existira o quórum preceptivo na primeira convocatoria e segundo o disposto no art. 90 R.O.F., entenderase convocada a sesión automaticamente a mesma hora dous días despois.

SEGUNDO. - Fixar para a devandita sesión a seguinte **ORDE DO DÍA:**

1.- LECTURA E APROBACIÓN SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

- SESIÓN ORDINARIA DE 28.09.2017.

2.- EXPEDIENTE DE INVESTIGACIÓN SOBRE BENS.

3.- DESAFECTACIÓN ESCOLA UNITARIA BOEBRE E VIZÚS-CENTROÑA.

4.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG-AA SOBRE O 25 DE NOVEMBRO, DÍA INTERNACIONAL DE NON VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES.

5.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG-AA CONTRA OS LUMES FORESTAIS E POLO DESENVOLVEMENTO RURAL.



6.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: MOCIÓNS URGENTES.

7.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA- PRESIDENCIA.

8. - ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: ROGOS E PREGUNTAS.

TERCEIRO.- Que a presente sexa notificada en tempo e forma a todas as persoas que deben de asistir ao Pleno, así como á Secretaria Xeral e á Interventora Municipal, e publicar no taboleiro de anuncios do concello e no portal de transparencia do Concello. (www.pontedeume.gal)

CUARTO.- Dar conta ao Pleno da corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, por lo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

En Pontedeume, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde D.Bernardo Fernández Piñeiro, do que eu, D^a. Ana Ramos Ramos, como Secretaria, dou fe.(Asinado aos efectos do artigo 2 do RD 1174/1987)."

En Pontedeume, asinado dixitalmente na na data que figura na marxe polo funcionario/a tramitador así como pola Secretaria Xeral do concello de Pontedeume Dona Ana Ramos Ramos. (Asinado aos efectos do artigo 2 do RD 1174/1987).